

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE SAN AMARO

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

O Pleno do Concello de San Amaro, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de setembro de 2024, aprobou definitivamente o Plan municipal de prevención de incendios forestais, que foi confeccionado pola empresa Seaga (Empresa Pública de Servizos Agrarios, S.A.) no marco do convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias, ao que este concello está adherido.

Publícase isto para o coñecemento xeral, para cumprir o que dispón o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poden interpor alternativamente un recurso de reposición ante o Pleno do Concello no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpor directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera recurso que poida considerar máis conveniente ao seu dereito.

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Fernando Rodríguez Redondo.

R. 2.969

